



EN MONDARIZ

Aa doce memoria de Curros Enríquez

Dormide amargas péas
 No curruncho mais fondo do meu peito
 Mentres que nas seréas
 Regiós do pensamento alcontro jeito
 D'ensaltar ao divino
 Poeta pelegrino
 Das Musas galizáas o escolleito:
 Senlle os seus *Aires* brisas garimosas
 Que con meigos arrollos van bicando
 Nos piñeiros gentís, nas frescas rosas,
 O vale e a montaña perfumando...
 Ou féros furacáns que arrentes tallan
 Vellas igrexas, albres carcomidos,
 E que todo o envolven e asoballan,
 De libertade e de justiza henchidos.
 Nen ten afellas a gallega fala
 Libro có'seu *Sainete* comparabre,
 Nen n'abondoso verbo non no igoala
 Nengún, nen no afiado do vocabre...
 ¡Ou, Galiza querida,
 Naiciña dos meus fillos, norabóa!
 Qué fremosa e garrida
 Te contempro, tecéndolle a coróa
 A teu vate divino,
 Poeta pelegrino
 De quen a sona po lo mundo vóá!

ANDRÉS MARTÍNEZ SALAZAR.

